

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 01 DE SETEMBRO DE 2009.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS E CINCO MINUTOS** do día **UN DE SETEMBRO DE DOUS MIL NOVE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, réunese a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ** e **DONA MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e da Secretaria da Corporación **DONA PAULA MARIA SUAREZ COTELO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2º.- SUBVENCÍONS.-

3º.- CONTRATACIÓN.-

4º.- URBANISMO.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

1.1.- O Concello de Silleda ante a notificación efectuada pola Consellería de Medio Rural, de realizar con cargo aos seus orzamentos as obras de infraestruturas rurais (PEIM RURAL 2009) consistentes en camiño en Graba, camiño Riocalvo, camiño Moa-Andamoio, camiño Sta. Mariña (Graba) e camiño Parada,

Manifiesta a súa aceptación á execución da mesma en réxime de cooperación e **COMPROMÉTESE** a:

- A posta a disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos da/s obra/s de referencia.
- A renuncia expresa a reter da achega desta Corporación calquera tipo de tributo con motivo da/s obra/s de referencia.
- Asumir -unha vez recepcionada/s a/s obra/s provisionalmente e previa

comunicación do órgano da Comunidade Autónoma- a explotación, mantemento e conservación da/s mesma/s.

- Acreditar que a persoa designada para levar a cabo a sinatura do convenio está debidamente facultada para este acto.
- Manifestación expresa de compromiso de que a obra non se someterá a ningunha modificación importante desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no referido artigo 72, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes:

- A) que afecten á súa natureza ou as súas condicións de execución.
- B) que resulten, ben dun cambio na natureza do réxime da propiedade dunha determinada infraestrutura, ben da interrupción ou do cambio de localización dunha actividade productiva.

- O Concello asumirá todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido por dito Concello.
- Concello, antes da adxudicación definitiva da obra e sen prexuízo dos demais requisitos esixidos pola normativa que regula a contratación administrativa, deberá acreditarse a efectiva dispoñibilidade dos terreos.

1.2.- Escrito de D^a Carmen Varela Tobio, rexistro de Entrada n^o 3946, de data 18 de agosto de 2009, no que expón que no lugar de O Marco, na finca da súa propiedade sita no polígono 57, parcelas 93, 94 e 95, procedeuse a levantamento de muro de cierre en todo o fronte da estrada, realizado por D^a Raquel Rozas Iglesias que ten a vivenda ubicada en finca próxima (n^o 78) do mesmo polígono. Que o citado muro linda en toda súa lonxitude con tramo antigo da estrada Silleda-Laro, polo que solicita inspección e copia da licenza desta obra.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este escrito a urbanismo para que realicen inspección e remitan copia da licenza.

1.3.- Escrito da Patrulla do Seprona de Lalín, Rexistro de Entrada n^o 3902, de data 14 de agosto de 2009, remitindo acta-denuncia/inspección n^o 2009-101219-00000159, por infracción á normativa sobre urbanismo e ordenación do territorio, contra D^o José Antonio Vidueiros Framiñán por realización de obra consistente na ampliación dunha vivenda no lugar de O Tellado n^o 2, parroquia de O Castro (Silleda).

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito a urbanismo para que comproben e informen sobre si carece ou non licenza municipal para realización desta obra.

1.4.- Escrito da Patrulla do Seprona de Lalín, Rexistro de Entrada n^o 3903, de data 14 de agosto de 2009, remitindo acta-denuncia/inspección n^o 2009-101219-00000165, por infracción á normativa sobre actividades clasificadas, contra Trans Vidueiros S.L. por carecer

de licenza municipal para actividade de taller no lugar de O Tellado nº 2, parroquia de O Castro (Silleda).

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito a urbanismo para que comprobren e informen sobre si carece ou non licenza municipal para realización desta actividade.

1.5.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Rexistro de Entrada nº 3876, de data 14 de agosto de 2009, expediente DH.A36.15212 a nome de Carmen e Aurelio Tato Rosende, remitindo resolución de data 07 de agosto de 2009, de arquivo de expediente por desestimación dos solicitantes da solicitude de concesión de caudal de auga.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito, e acorda remitir unha copia desta resolución ós solicitantes da mesma.

1.6.- Escrito de Espina & Delfín S.L., rexistro de Entrada nº 3860, de data 13 de agosto de 2009, remitindo boletín de análise de auga na billa consumidor (Rúa da Estación nº 8 - Bandeira) e Rede de distribución de O Foxo (Silleda), sendo realizadas as tomas o día 27 de xullo de 2009 co resultado de auga apta para o consumo con non conformidade.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda dar traslado do mesmo ó Fontanero Municipal.

1.7.- Escrito de Espina y Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 3861 de data 13 de agosto de 2009, remitindo informe do funcionamento da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Silleda correspondente ó 2º trimestre do ano 2009.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

1.8.- Escrito da Consellería do Medio Rural-Departamento Territorial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 3829, de data 12 de agosto de 2009, no que expón que por medio da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, preténdese desenvolver o plan de Sinalización Vial da Rede Natura 2000 de Galicia, polo que elaborou unha sinalización diferenciadora para identificar a ubicación dos espazos que a integran; polo que solicitan autorización para a colocación de carteis, dentro das zonas de dominio público ou servidume das estradas de competencia do Concello, nos emprazamentos que corresponden ós puntos de confluencia das estradas de titularidade municipal coa Rede Natura, sendo a súa localización aproximada:

Estrada	Coordenada X	Coordenada Y	Marxe	Concello
	554487,64	4724801,18		Silleda
	554487,64	4724801,18		Silleda

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder a autorización solicitada.

1.9.- Escrito de Espina y Delfin S.L., Rexistro de Entrada nº 3731, de data 05 de agosto 2009, de relación de solicitudes de abastecemento e saneamento recibidas durante o mes de xullo de 2009 e que se relacionan a continuación:

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Com. Propietarios Praza do Emigrante	Rúa República Arxentina, 5 baixo (Silleda)
Sesar Conde Amaya	Rúa Trasdeza, 37-4A (Silleda)
Fraiz Rozados José Manuel	Rúa República Arxentina, 5-4A (Silleda)
González Castro María Lourdes	Rúa Trasdeza, 35-1D (Silleda)
Gómez Collazo Alberto	Rúa República Arxentina, 11-2E (Silleda)
Nogueira Fernández Luis	Rúa Trasdeza, 35-4D (Silleda)
Barrio Taboada José	Rúa República Arxentina, 5 baixo (Silleda)
Ramos Ferreiroa Nathalia	Rúa M ^a Colmeiro, 10-3A (Silleda)
Recambios Campaza S.L.	Rúa Trasdeza, 35 baixo (Silleda)
Rois Lamas José Luis	Rúa República Arxentina, 5-1E (Silleda)
Molina Medina Cristina Nieves	Rúa Trasdeza, 37-4B (Silleda)
Lago Rodríguez María Jesús	Rúa Trasdeza, 35-2A (Silleda)
Martínez Biayna Marcos	Rúa Trasdeza, 35-3D (Silleda)
Sistema Integral de Obras S.L.	Rúa M ^a Colmeiro, 10 baixo (Silleda)
Ares Castromil Manuel	Rúa República Arxentina, 5-1D (Silleda)
Curras Sánchez María Victoria	Lg. Costela, 11 (Margaride)
Grela Ferreiro Elsira	Rúa República Arxentina, 5-3A (Silleda)
López Gómez María Isabel	Rúa D, 8-1D (Silleda)

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda aprobar as solicitudes de abastecemento e saneamento anteriormente mencionadas.

1.10.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Rexistro de Entrada nº 3835, de data 12 de agosto de 2009, expediente DH.B36.15459 a nome de Consuelo Méndez Andamollo, remitindo resolución de data 04 de agosto de 2009 de recoñecemento de dereito e inscrición no rexistro de augas de un pozo situado en finca con referencia catastral 36052P505006330000DH, polígono 505, parcela 633, no lugar de Vilar, nº 13, parroquia de Cira (Silleda), cun caudal medio de auga de 0,06

litros/segundo, con destino a usos domésticos e rega.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

1.11.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Rexistro de Entrada nº 3836, de data 12 de agosto de 2009, expediente DH.B36.15533 a nome de Benito Fraiz Rodríguez, remitindo resolución de data 04 de agosto de 2009 de recoñecemento de dereito e inscrición no rexistro de augas de un pozo situado en finca con referencia catastral 36052A065006690000XG, polígono 65, parcela 669, no lugar de Cortegadela, parroquia de Cortegada (Silleda), cun caudal medio de auga de 0,12 litros/segundo, con destino a rega.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2º.- SUBVENCIONS.-

Non hai asuntos que tratar

3º.- CONTRATACIÓN.-

3.1.- “Rehabilitación de Vivenda e Casa Rectoral de Xestoso”

Dase conta polo Sra. Presidenta da certificación nº Tres, polo importe de 13.203,77 , correspondente a obra “Rehabilitación de Vivenda e Casa Rectoral de Xestoso” do Fondo Estatal de Inversión Local, executada por Construcciones Míguez Xestoso S.L.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación nº Tres da obra “Rehabilitación de Vivenda e Casa Rectoral de Xestoso” do Fondo Estatal de Inversión Local, por importe de 13.203,77 , asinada polo Arquitecto Técnico Director das Obras, Dº Luis Llorente Taboada.

2º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que é a seguinte:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE Con IVA
Fecha	Número		
04.08.09	6	Construcciones Míguez Xestoso S.L.	13.203,77 <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>

3.2.- “Mejora de los camiños: Piñeiro-1, Piñeiro-2, Cira, Breixiña-1, Breixiña-2, Ansemil, Carboeiro, O Castro-1, Saidres, Abades, Cervaña, Ponte, Iglesia de Ponte, Barrabaite, A Brea y O Castro-2 en el Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra)”

Dase conta polo Sra. Presidenta da certificación nº Un, polo importe de 63.798,65 □□□, correspondente a obra “Mejora de los camiños: Piñeiro-1, Piñeiro-2, Cira, Breixiña-1, Breixiña-2, Ansemil, Carboeiro, O Castro-1, Saidres, Abades, Cervaña, Ponte, Iglesia de Ponte, Barrabaite, A Brea y O Castro-2 en el Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra)” do Fondo Estatal de Inversión Local, executada por Construcciones Fernández Sarmiento S.A.

A Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación nº Un da obra “Mejora de los camiños: Piñeiro-1, Piñeiro-2, Cira, Breixiña-1, Breixiña-2, Ansemil, Carboeiro, O Castro-1, Saidres, Abades, Cervaña, Ponte, Iglesia de Ponte, Barrabaite, A Brea y O Castro-2 en el Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra)” do Fondo Estatal de Inversión Local, por importe de 63.798,65 □□□, asinada polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Director das Obras, Dº Benigno Méndez Fernández.

2º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que é a seguinte:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE Con IVA
Fecha	Número		
31.07.09	P.2/7	Construcciones Fernández Sarmiento S.A.	63.798,65 □□□

3.3.- “Adecuación da ampliación do auditorio municipal Manuel Dopazo para centro de ensinanza musical de Bandeira” do Fondo Estatal de Inversión Local.

Dase conta polo Sra. Presidenta da certificación nº Duas, polo importe de 103.659,58 □□□, correspondente a obra “Adecuación da ampliación do auditorio municipal Manuel Dopazo para centro de ensinanza musical de Bandeira” do Fondo Estatal de Inversión Local, executada por Indeza Edificación y Obra Civil S.L.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación nº Duas da obra “Adecuación da ampliación do auditorio municipal Manuel Dopazo para centro de ensinanza musical de Bandeira” do Fondo Estatal de Inversión Local, por importe de 103.659,58 □□□, asinada polo Arquitecto Técnico Director das Obras, Dº José Pereiras Sánchez.

2º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que son as seguintes:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE Con IVA
Fecha	Número		

19.08.09	FV09/163	Indeza Edificación y Obra Civil S.L.	103.659,58 □□□
----------	----------	--------------------------------------	----------------

3.4.- Programa Cascarón.

Visto que por acordo da XGL de 31 de xullo de 2009 se iniciou o procedemento de adxudicación do contrato do servizo do programa cascarón por procedemento negociado sen publicidadee, se ordeaba a redacción dos correspondentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que han de rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

Visto que se redactaron e incorporaronse ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que han de rexer a adxudicación do contrato.

Visto os informes da Secretaria e da Interventora.

A Xunta de Goberno Local, acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do contrato do servizo do PROGRAMA CASCARÓN.

2º.- Autorizar, en contía de 63.220,00euros, o gasto que para este Concello representa a contratación do servizo por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á partida 422.22608 do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para o exercicio 2007 que é o prorrogado para o 2009

3º.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

4º.- Solicitar ofertas as seguintes empresas:

- INISA, S.C.
- ACODE (Asociación Comarcal para o Desenvolvemento do Deza)
- EDUCA DEZA, S.C.

3.5.- Arquitecto Asesor Técnico.

Visto que por acordo da XGL de 31 de xullo de 2009 se iniciou o procedemento de adxudicación do contrato do servizo de arquitecto asesor técnico por procedemento negociado sen publicidadee se ordeaba a redacción dos correspondentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que han de rexer o Contrato e o proceso de adxudicación.

Visto que se redactaron e incorporaronse ao expediente o Prego de Cláusulas

Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que han de rexer a adxudicación do contrato.

Visto os informes da Secretaria e da Interventora.

A Xunta de Goberno Local, acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do contrato do servizo de ARQUITECTO ASESOR TÉCNICO.

2º.- Autorizar, en contía de 29.000,00 euros, o gasto que para este Concello representa a contratación do servizo por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á partida 121.22706 do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para o exercicio 2007 que é o prorrogado para o 2009.

3º.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

4º. Solicitar ofertas as seguintes persoas:

- Aurora García Vicente
- Eduardo Cruz Aguiar
- Ricardo Aneiros Rodríguez
- Lino Manuel Doporto Framil

4º.- URBANISMO.-

4.1.- Actividades Clasificadas.

4.1.1.- Licencia N° 5650/08 Visto o expediente instruído a instancia de D^a Eva Natalia González Gómez, solicitando Licencia para legalización de local existente para uso de perruquería, a situar na rúa Do Progreso (antes José Antonio), 76 baixo (Silleda), segundo proxecto do Enxeñeiro Técnico Industrial D° Angel Ibán Fernández Aguila. Visado polo colexio oficial correspondente en data 23 de outubro de 2008, referencia 208-8.414.

RESULTANDO: Que a actividade está incluída no punto 4.7 do Anexo III (actividades excluídas do procedemento de avaliación de incidencia ambiental) do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que s regula a avaliación de incidencia ambiental.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento e disposicións propostas non contradín o Plen Xeral de Ordenación Municipal vixente, según se aprecia do seu emprazamento no plano incluído no proxecto técnico.

CONSIDERANDO: Que a parcela na que está ubicada a perruquería que se pretende legalizar ten as seguintes condicións urbanísticas:

- Clasificación do Solo: SOLO URBANO.
- Calificación do Solo: RESIDENCIAL.
- Ordenanza de aplicación: Sección 1ª, Ordenanza: Edificación Cerrada (EC)

CONSIDERANDO: Que as medidas correctoras propostas parecen suficientes para reducir ata límites tolerables os efectos da actividade.

CONSIDERANDO: Que tendo en conta as normas de uso: Usos previstos e tolerados, cumpre cos usos admitidos no artigo 18 do PXOM de Silleda.

Esta Xunta de Goberno Local, visto o informe do Arquitecto Asesor Técnico Municipal, de data 16 de xaneiro de 2009, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, non podendo comenar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as trece horas e dez minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,